

Comentarios subidos ao blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

Todo é silencio

Todo é silencio pareceume un libro moi complexo. O escollín polo seu autor, Manuel Rivas, que tamén escribiu "O lapis do carpinteiro" e pensei que me gustaría moito máis. Nel, o tema principal xira arredor do narcotráfico. Ambientado moi fielmente nunha vila costeira galega (Brétema), o autor relata a vida desde nenos de tres amigos Brinco, Fins Malpica e Leda. Dous deles (Brinco e Leda rematarán xuntos) e a personaxe principal, a figura do narco "inmune" a lei (O Mariscal) pero que dun ou doutro xeito tamén remata sendo castigado, coa morte da súa muller nun tráxico accidente de tráfico. Neste ambiente de corrupción, ademais das drogas aparecen outros temas paralelos como a prostitución, a compra de cargos públicos (como sucede coa policía) e a infidelidade. Pareceume unha historia un pouco exaxerada, aínda que o argumento inicial puidera ter ocorrido. Sobre todo na época na que están situados os feitos, a finais dos setenta e principios dos oitenta, é dicir, na etapa da transición. **(Cristina)**

A medio camiño entre unha novela negra e unha policial, "Todo é silencio" nos narra a historia de tres amigos da infancia, Leda, Fins e Brinco, a cal xira en torno a gran figura do Mariscal, o capo da vila onde viven. Nela Manuel Rivas retrata perfectamente o paisaxe costeiro galego, cunhas descrições e detalles asombrosos. Ademais destaca tamén a capacidade de "enganche" que ten, sobre todo nas últimas páxinas e enigmas da novela. Destaca a perfecta descripción da personalidade e carácter do Mariscal, e a relación que ten con Brinco. Tamén o desgraciado amigo de Brinco, Chelín. A novela faise amena, e recoméndoala, pois retrata perfectamente os baixos fondos, a hipocrísia, o valor da amizade, etc. Aínda así o certo é que hei de recoñecer que a primeira parte faise algo pesada de ler e comprender, mais a historia mellora segundo se vai lendo. **(Claudia)**

"Todo é silencio" é unha das últimas novelas de Manuel Rivas que nos adentra nunha historia baseado nun período que viviu Galicia na súa historia recente. Está dividida en dúas partes; "o silencio amigo", e o "silencio mudo". A primeira parte transcorre nun vila costeira chamada Brétema, onde uns rapaces (Leda, Fins, Brinco, Chelín, etc) viven a súa infancia despreocupadamente. A parte da inocencia da xuventude, podemos ver a situación social galega a finais do século vinte nas clases traballadoras e máis concretamente nas mariñeiras. E tamén, un problema que despois irá a máis; o contrabando. O cal triunfou pola boa disposición xeográfica de Galicia; chea de rías e recunchos onde pasar desapercibidos. E tamén, como plasma a novela, a corrupción presente nos gobernos e forzas de seguridade, e a complicidade dos veciños que precisaban dos cartos que gañaban facendo algún "traballiños" no contrabando. O cal estaba controlado por un home, o Mariscal, que viña amasando fortunas dende os primeiros e duros tempos de despois da Guerra Civil. Ata que pola morte do pai de Fins, este marcha a unha escola especial para nenos orfos en Cádiz. A segunda parte da novela volve a estar ambientada na vila de Brétema, pero esta vez moitos anos despois e todo a cambiado: as redes de contrabando transformáronse ao narcotráfico, dominadas aínda polo Mariscal e con os antigos rapaces nas súas filas; Chelín Rumbo, etc. Nesta parte da novela, que a min é a que me parece máis interesante, plásmanse todos os problemas derivados do narcotráfico; corrupción (o sarxento Montes e despois o xefe de aduanas), a prostitución (o que causou unha infidelidade entre Brinco e Leda), a drogadicción e problemas entre cárteles da droga (do que morreron Chelín, e os gardaspaldas do Mariscal), o malestar social, etc. É entón cando Fins volve, agora coma inspector da policía para tentar poner ao narcotráfico e recuperar a relación perdida da nenez con Leda. Aínda que, o libro remata cun final aberto que deixa un pouco de intriga para o lector.

En definitiva, non é dos libros que máis me gustou e sobre todo a primeira parte pareceume un pouco pesada. Sen embargo, non me desgustou xa que pareceume moi interesante coñecer un pouco máis a historia do narcotráfico en Galicia, que o pouco que sabía era información que ás veces poñían nos telexornais rememorando a fin destas grandes redes. **(Pablo)**

Un libro de Manuel Rivas que onde podes encontrar o amor de xuventude, a educación de cada familia, o mundo das drogas e o gusto polo diñeiro doado. A historia comeza cunha historia de tres mozos entreténdose con calquera aventura no seu pobo natal e como co paso do tempo evolucionaron. O libro describe moi ben o que é somerxerse no mundo do contrabando con todos os seus perigos e como remata finalmente a xente que entra nesas historias. Ademais Leda móstrase como unha muller con carácter, que de pequena mandaba moito sobre Fins e cando este tras a morte do seu pai se foi, ela quedou con Brinco co cal

casou e tivo un fillo. Pero realmente ela non o amaba e cando Fins regresou ela reaccionou mal.

Por outra banda o personaxe do Mariscal con todos os seus aires de rico, e que finalmente remata só, demostra que o diñeiro non dá a felicidade, e que con superioridade podes afectar a moita xente do teu arredor. Un libro un pouco complicado de ler, e mesmo ao principio non me interesou a súa lectura. Pero cando xa chegaba ao final e ao estar máis familiarizada cos personaxes me gustou moito máis e mesmo me enganchoi. (**Antía**)

"Todo é silencio" é unha novela de Manuel Rivas a cal me gustou moito. Pareceume ás veces algo complexa, pero coma sempre, Manuel Rivas non nos decepciona. A novela trascorre en Brétema, onde os protagonistas, Fins e Brinco (cunha relación amistosa) e Leda (algo maior que eles) preséntanos a situación galega daqueles anos. Pouco a pouco, a novela nos vai adentrando no tema principal, o contrabando. O Mariscal é outro protagonista da historia, é o que controla todas as redes contrabandistas do momento. A segunda parte, que trascorre anos máis tarde, presenta temas máis relacionados co tema principal, e adéntrase máis nos problemas sociais da época. A pesar da lectura un pouco complicada, sobre todo na primeira parte, pareceume unha moi boa novela a cal recomendo. Creo que é unha maneira de abrímos os ollos para que nos demos conta de que telo todo non sempre é bo. Unha novela sen dúbida, que me enganchoi dende o principio. (**Alba**)

O libro "Todo é silencio" de Manuel Rivas gustoume moito xa que nos mostra a situación na que se encontraban certas poboacións en Galicia nun pasado moi recente, sobre todo no tema do contrabando. A novela pódese dividir en dúas partes, a primeira na que os personaxes principais son uns amigos na súa infancia, na segunda parte estes personaxes son adultos e a súas situacións son moi distintas xa que por culpa do tema do contrabando veranse enfrontados. Para rematar quero dicir que me pareceu un libro moi interesante e que o recomendo. (**Ramón**)

Outra de Manuel Rivas. Esta novela conserva a lírica esencial deste importante escritor para a literatura galega. A prosa é tan poética como a de *Que me queres amor?* e *O lápis do carpinteiro*. Neste libro trátase as ansias de medrar economía e socialmente polo camiño máis curto. Brétema é un pequeno segmento de costa dos máis de 1200 km que ten Galicia. Nel, habita xente tradicional, pero oportunista. O mar sempre importa sorpresas e cando non o fai, encárgase O Mariscal, o capo. Nos seus inicios, cando Fins, Leda e Brinco todavía eran nenos, facía contrabando con tabaco e cousas menores, pero como todo lle ía ben e o pobo agasáballe un silencio mudo, espallouse ó narcotráfico. Fins, Brinco e Leda son a cara inocente, curiosos do contido da vida. Comparten unha amizade irrompible, ou non. Tras a morte do pai de Fins, o neno vai a unha escola de orfos en Cádiz. Despois de vinte anos, Fins regresa como inspector para encargarse do narcotráfico no pobo onde nacera. Agora é un universo monopolizado por Mariscal. Brinco está involucrado e Leda casada con el. O remate é trágico. Disolvense as redes do narcotráfico e Brinco morre ás mans de Fins. O libro gustoume en conxunto, xa que a segunda parte, cando regresa Fins, é moito máis fluída e interesante que a infancia dos nenos. Durante todo o curso quixen lelo pero foi o "último día" cando decidín enfrontarme ás 270 páxinas. Déixanos frases como "A boca é para calar", como dicía o mariscal. (**Héctor**)